

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO QUE PERMITA AXUDAR AO TRASLADO DOS USUARIOS NO PERCORRIDO DO CAMIÑO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Discamino de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Discamino de Santiago para a adquisición dun vehículo que permita axudar ao traslado dos usuarios no percorrido do Camiño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A Asociación Discamino de Santiago é unha asociación deportivo-cultural privada sen ánimo de lucro que ten por obxecto o fomento e practica de actividades físico deportivas para persoas con discapacidade. Así mesmo ten como obxectivo facilitar que todas as persoas que o desexen poidan completar unha peregrinación a



Santiago de Compostela, facendo difusión cultural do Camiño e facendo do Camiño accesible a persoas con discapacidade, sendo por tanto unha asociación de amigos do Camiño de Santiago.

As actividades continuas que realiza DisCamino son as que teñen lugar de forma ininterrompida ó longo de todo o ano, seis días á semana. Trátase dos adestramentos, xa que sen eles non é posible afrontar con garantías os ambiciosos retos propostos nas actividades especiais e nas rutas de longa duración.

As actividades especiais son tanto deportivas coma divulgativas e de sensibilización. Dentro das deportivas realízanse actuacións puntuais, é dicir, todas aquelas que se realizan como máximo nunha xornada e só unha vez ó ano. Son carreiras, marchas, participación en cabalgatas ou comparsas... Por outro lado están as divulgativas e de sensibilización, como charlas en colexios, institutos, universidades, etc, así como demostracións prácticas cos triciclos e cadeiras de montaña para que os participantes se poñan na pel dos copilotos.

Por último están os Camiños ou Rutas de longa duración, que son a culminación do traballo de todo un ano. Non existe un Camiño estándar, senón que a cada persoa ofréceselle e facilítaselle o que a ela lle ilusiona, e para o que se preparou en función da súa capacidade e da súa dispoñibilidade de tempo. Así hai camiños pequenos de tres días e rutas enorme de máis de 2.500 km.

Terceiro.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible, e reforzar a percepción da poboación galega sobre o turismo como un factor de crecemento da economía, capaz de impactar positivamente na comunidade local.

O Camiño de Santiago é un dos recursos mais singulares e diferenciais do turismo galego, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e cun claro recoñecemento internacional. Destaca como o principal reclamo turístico de Galicia, grazas á diversidade de recursos que se atopan ao longo das diferentes Rutas Xacobeas. Alén diso, O Camiño de Santiago tamén destaca pola súa importancia como factor de reequilibrio territorial, favorecendo as actividades turísticas en áreas rurais e territorios menos coñecidos.

A construción dun destino turístico sostible implica garantir a accesibilidade universal



(física, cognitiva e sensorial) de todas as persoas. Neste sentido, a oferta turística galega precisa mellorar o seu grao de adaptación con fin de diferenciarse como un destino accesible e inclusivo.

Ademais de sensibilizar e mellorar a capacitación do sector, é interesante difundir as oportunidades de negocio que supón a integración de solucións accesibles. Non debe deixar de considerarse que garantir a accesibilidade universal non só beneficiará a este segmento de viaxeiros, senón que terá impactos positivos para todo o conxunto da sociedade

Cuarto.- O Camiño de Santiago é unha opción sempre construtiva, onde cada persoa logra, dalgún modo, resituarse, relativizar e reavaliar a súa propia existencia. Ao longo dos últimos anos, varios centenares de persoas conseguiron culminar o Camiño en cadeira de rodas. A Axencia de Turismo de Galicia quere contribuír e facilitar que todas as persoas que o desexen poidan acometer esta experiencia, superando calquera límite ou obstáculo.

A través deste convenio de colaboración instrumentase a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

